



CONCELLOS

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA O POSTO DE MESTRE EN EDUCACIÓN INFANTIL (GRUPO A, SUBGRUPO A2), MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN, PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CERVO

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2025 - 0843 de data 05 de setembro de 2025, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a constitución dunha bolsa de traballo para o posto de mestre en educación infantil (grupo A, subgrupo A2), mediante contratación laboral temporal, polo sistema de concurso - oposición, para a escola infantil municipal de Cervo.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cervo [<http://cervo.sedelectronica.es>].

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 5 de setembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2508

Anuncio

Aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 4 de setembro de 2025, os seguintes expedientes de modificación do vixente Orzamento da Corporación para 2025:

- Modificación de crédito núm. 19/2025 por suplemento de crédito núm. 2/2025
- Modificación de crédito núm. 20/2025 por crédito extraordinario núm. 2/2025
- Modificación da plantilla de persoal

En cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público nas dependencias do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas á Alcaldesa desta Corporación.

Cervo, 5 de setembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2509

VILALBA

Anuncio

RECTIFICACIÓN DE ERRO

Visto o erro detectado no Anexo I das bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea a favor do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "Obradoiro de emprego Terra Cha no Camiño V", promovido polo Concello de Vilalba, conxuntamente co Concello de Abadín, para as especialidades de: "instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes", "operacións de gravación e tratamento de datos e documentos" e "pavimentos e albanelaría de urbanización",

inseridas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 193, de data 23 de agosto de 2025, procédese á súa rectificación, ao abeiro do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O erro localízase no parágrafo relativo á cláusula de protección de datos, no que se facía referencia á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, derogada, cuxa redacción era a seguinte:

“De conformidade con la Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos ten como fin o exercicio por parte desta Administración das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas a comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Si o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita a esta Administración, Praza da Constitución, 1, 27800, Vilalba (Lugo).”

En consecuencia, substitúese pola seguinte cláusula actualizada de protección de datos:

Cláusula de protección de datos actualizada

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), o Concello de Vilalba infórmalle de que os datos persoais recollidos a través da súa solicitude serán tratados de maneira lícita, leal e transparente, garantindo a súa seguridade e confidencialidade.

A finalidade do tratamento é dar cumprimento ás funcións e competencias atribuídas legalmente ao Concello de Vilalba, incluíndo as relativas á comunicación, notificación e demais actuacións derivadas das relacións xurídico-administrativas das que vostede sexa titular, así como a formación e mantemento dos correspondentes ficheiros administrativos.

Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade dirixíndose por escrito ao Concello de Vilalba, Praza da Constitución, 1, 27800, Vilalba (Lugo), ou mediante correo electrónico ao Delegado de Protección de Datos no enderezo dpd@vilalba.gal.

Vilalba, 4 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2501